1972

Querido Seoane.

Somentes quero con poucas verbas decirche a miña doorida impresión pola afreción de que foches vítima. Non tiña noticia diste caso até que chegou a tua carta.

Coido que o ataque á tua persoa, ó teu traballo, ó teu comportamento por desaforado, inxusto e aleve non pode ecoar no mais mínimo non xa naqueles que teñen a tua amistade entre os valores da vida, senon que nen tan siquera nos que de lonxe poideron, poden chegar a un conocemento xeral da tua labourá, xa que logo ista ten de ser certa dabondo pra non sere preciso un maor achegamento ou intimidade persoal. Isto, penso eu, abonda pra que non deas mais sinificacion e conta ao sucedido. Non vexo xeito de nos liberar de xentes desencaminadas polo seu natural andar torto, e polo veliñoso rebordar da fel. Tampouco sei coma non topar co elas no noso andar, pois aínda querendo afastarnos do camiño delas, e facéndoo, sempre han vir ó noso pra cando menos anoxarnos coa sua presencia.

Agardo que o testemuño dos teus amigos, dos que saben verdadeiramente algo de ti, dos que coñecen a tua xenerosidade, dos que ouservan a tua derramada adicación aos millores facetes do espríto en bos e maos tempos, agardo, digo, que ise testemuño chegue a esvair o acedume que te causaron.

Unha forte aperta, e os nosos saudos, de Mimi e meus, pra ti e Moruxa.

Ricardo

R. García Suárez

Como verás polo enderezo mudamos de piso. Agora vivimos no 4º dereita da mesma casa.